INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

ANTECEDENTES

Primeiro. Solicitude de informe

Esta dirección xeral, o 05.02.2026, recibe escrito da Xerencia da Axencia Galega de Calidade Alimentaria solicitando informe sobre modificación da relación de postos de traballo.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Anexo de postos e táboa de equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 19.12.2025

Segundo. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, do 03.02.2026, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes consellerías:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Consellería de Política Social e Igualdade
- Consellería de Economía e Industria

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no seu artigo 11, establece que a Consellería de Medio Rural estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Dirección Xeral de Defensa do Monte
3. Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
4. Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
5. Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria

Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria
2. O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
3. **A Axencia Galega de Calidade Alimentaria**

Terceiro. Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal). A Axencia da Calidade Alimentaria (Agacal)

- **Ingacal**

O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), creouse polo artigo 31 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. Este instituto estivo adscrito á Consellería do Medio Rural en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (Lofaxga), regula dúas categorías de entidades instrumentais: as entidades públicas instrumentais (organismos autónomos, axencias públicas

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios) e outras entidades instrumentais integrantes do sector público (sociedades mercantís públicas e fundacións do sector público). A Lofaxga establece tamén a necesidade de que se adapten aos novos tipos de entidades instrumentais todas aquelas con personalidade xurídica propia creadas por lei antes da súa entrada en vigor e que contaban con distintos réximes de organización e funcionamento. A súa disposición transitoria terceira establece que as normas de organización e funcionamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria deberán adecuarse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas, adecuación que se acometeu mediante o Decreto 52/2018 do 5 de abril.

De acordo co sinalado na disposición adicional quinta da Lofaxga, o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) cambia a súa denominación para non inducir a confusión, por facer referencia a outra entidade instrumental do sector público, e pasou a denominarse Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

- **Agacal**

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) foi creada polo Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 102, do 30 de maio), pasando a asumir as funcións que desenvolvía o **Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**.

Integráronse na axencia **os centros de investigación da Consellería e a Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal**, cos seus servizos competentes en materia de formación e de transferencia tecnolóxica, dado que se integraron as competencias en dita materia.

Posteriormente foi modificada polo Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia. O decreto 107/2019, do 5 de setembro modificou os estatutos da axencia e engadiu a Xerencia.

O Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2022,do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 101, do 27 de maio) recolle que o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril) introduce algunhas modificacións para a Consellería do Medio Rural.

Este decreto 148/2018 modificou o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, dado que se produce unha incorporación orgánica e funcional do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

anteriormente adscrito á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, á Axencia Galega da Industria Forestal.

O Decreto 107/2019, do 5 de setembro, modificou os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobados polo Decreto 52/2018, do 5 de abril.

A disposición derradeira segunda do Decreto 148/2024, do 20 de maio, modifica os estatutos da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, suprimindo o artigo 28 "Centro de Investigación Forestal de Lourizán" e a letra e) do artigo 22 "Estrutura administrativa".

As unidades orgánicas nas que se estrutura a axencia son as seguintes:

- Departamento de Coordinación Administrativa
- Departamento de Investigación e Transferencia
- Departamento de Formación
- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
- Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia
- Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia
- Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria
- Departamento de Protección da Calidade Diferenciada

A relación dos postos de traballo que se traspasaron a AGACAL figuran no anexo II da Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG nº 114, do 18 de xuño).

Cuarto. Obxecto do informe

En primeiro lugar indicar que AGACAL non levou a cabo a integración voluntaria como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo que se incorporou á axencia, de conformidade co procedemento de integración previsto do título II do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes de sector público autonómico de Galicia que serán obxecto de creación, adaptación e extinción, sempre que cumpran os requisitos previstos en dito decreto. **A dita integración atópase pendente.**

O obxecto do presente informe é a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

A proposta consiste en:

- Creación de **1 posto** de Xefatura de sección de habilitación de nóminas
- Amortización de **2 postos** de traballo:
    - 1 posto de auxiliar de oficios
    - 1 posto de auxiliar de internado

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

- Modificacións de **7 postos** de traballo:
  - **6 postos** de Directores/as de Centro de Formación e Experimentación
  - **1 posto** de Director/a de Centro de Investigacións Agrarias

Resaltar que, segundo o recollido no artigo 15 apartado i) do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, **correspóndelle ao Consello Reitor da axencia "**aprobar a proposta de relación de postos de traballo da Axencia e as súas modificacións, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública" polo que, unha vez emitido o informe por esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, **cómpre a súa remisión á axencia para, de ser o caso, proceder a súa aprobación polo órgano que corresponda.**

Quinto. Creacións, modificacións e amortizacións

- **Quinto 1. Creacións**

Forma parte desta proposta a creación do seguinte posto de traballo:

POSTO	SUBG. ÁREA FUNC.	CORPO/ESC./ ADSC. ADMON	NIVEL F. PROV	OBSERVACIÓNS
• **XERENCIA** **DEPARTAMENTO DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA**				
XEFATURA DE SECCIÓN DE HABILITACIÓN DE NÓMINAS MR.A11.00.002.15770.012	A1-A2-C1 PER (*)	XERAL/AXG	25 CE	DISPOÑIBILIDADE HORARIA (ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DO 30/12/2008)

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN

CE CONCURSO ESPECÍFICO

(*) Posto incardinado na "área de persoal", segundo o recollido no artigo único punto i, da Orde do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir (DOG núm. 90, do 11 de maio).

- **Quinto.2 Modificacións**

  Forma parte desta proposta a modificación do seguinte posto de traballo:

CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA (anterior)	FORMACIÓN ESPECÍFICA (nova)
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO (A CORUÑA)	DIRECTOR/A CENTRO INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO MR.A11.26.003.15010.001	370-640	640

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS

370 DOUTORAMENTO EN MATERIA AGRARIA (R.I.).
640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).

A eliminación do requisito indispensable de doutoramento en materia agraria responde, segundo recollen na memoria funcional:

> " ... a criterios de adecuación funcional do posto, eficacia na xestión pública, aliñación co principio de capacidade e idoneidade, e á distinción entre funcións directivas e funcións estritamente investigadoras.
>
> O posto de director/a dun centro de investigación non debe concibirse coma unha praza de natureza investigadora, senón como un posto directivo e de alta responsabilidade organizativa, cuxas funcións principais céntranse en:
>
> - dirección estratéxica do centro,
> - planificación plurianual de actividades e proxectos,
> - toma de decisións organizativas,
> - coordinación de equipos,
> - representación institucional,
> - interlocución con administracións, empresas e outras entidades,
> - xestión económica e orzamentaria, elaboración e seguimento de contratos, convenios e proxectos;
> - supervisión da xestión de persoal e recursos materiais.
>
> O doutoramento acredita formación avanzada en metodoloxía investigadora, análise científica e elaboración de traballos académicos.
>
> As funcións directivas antes descritas non gardan relación coa posesión do título de doutor, senón coa experiencia profesional, a formación en xestión pública e as capacidades para a toma de decisións.
>
> A eliminación do requisito de doutoramento permite abrir o posto a perfís profesionais con experiencia acreditada en funcións directivas".

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria conclúe como xustificación a esta modificación o feito de que **a idoneidade para a dirección dun centro de investigación se xustifica dende a capacidade xestora e directiva de quen a exerce, non dende o nivel académico investigador**.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

- **Quinto 3. Amortizacións**

Forma parte desta proposta a amortización de **dous postos** de traballo vacantes:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	COD POSTO	DENOMINACIÓN CÓDIGO DE POSTO	GRUPO/ SUBGRUPO	ESCALA/ CATEGORÍA	NIVEL F. PROV
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE GUÍSAMO (A CORUÑA)	MR.A11.20.003.15080.073	AUXILIAR DE INTERNADO	C2	EDD	12 C
ÁREA DE FORMACIÓN, INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN AGRARIA	MR.A11.00.003.15770.110	AUXILIAR OFICIOS	IV	014	-

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS

EDD ESPECIAL (ESCALA AUXILIAR DE COIDADORES)

Sexto. Modificacións. Postos abertos a outras administracións

A presente proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Calidade Alimentaria recolle as seguintes modificacións **da administración de adscrición e a inclusión da esixencia do curso de perfeccionamento de galego** como requisito indispensable**:**

CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN	SUBG. NIVEL F.PROV	ADS. ADMON (anterior - nova)	FORMACIÓN ESPECÍFICA (nova)
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE GUÍSAMO (A CORUÑA)	DIRECTOR/A CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN MR.A11.20.003.15080.001	A1-A2 26 LD	AXG A17	648 640
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE SERGUDE (A CORUÑA)	DIRECTOR/A CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN MR.A11.21.003.15120.001	A1-A2 26 LD	AXG A17	648 640
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL "PEDRO MURIAS" (RIBADEO)	DIRECTOR/A CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN MR.A11.22.003.27500.001	A1-A2 26 LD	AXG A17	648 640
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)	DIRECTOR/A CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN MR.A11.23.003.27300.001	A1-A2 26 LD	AXG A17	648 640
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE BECERREÁ (LUGO)	DIRECTOR/A CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN MR.A11.24.003.27060.001	A1-A2 26 LD	AXG A17	648 640

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN	SUBG. NIVEL F.PROV	ADS. ADMON (anterior - nova)	FORMACIÓN ESPECÍFICA (nova)
CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA)	DIRECTOR/A CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN MR.A11.25.003.36001.001	A1-A2 26 LD	AXG A17	648 640

CÓDIGOS

640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.)
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)
A17 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E PERSOAL DOCENTE CON DESTINO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo da **Axencia Galega de Calidade Alimentaria.**

Incorporamos a este informe o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Este informe favorable **está condicionado a que a proposta sexa aprobada, de ser o caso, polo Consello Reitor da axencia.**

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 16/02/2026 12:05:04

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: tyJEX5mOPx26 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal